

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 10 DE SETEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Presidencia a Álvaro Pérez López.
- Decreto polo que se nomea directora de Turismo de Galicia a María Nava Castro Domínguez.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Decreto polo que se dispón que cese Pablo Casal Espido como director xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico a Pablo Casal Espido.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Vila López como secretario xeral técnico.
-
- Decreto polo que se dispón que cese Jesús Oitavén Barcala como secretario xeral técnico.
- Decreto polo que se dispón que cese José Manuel Pinal Rodríguez como director xeral de Centros e Recursos Humanos.
- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Corredoira López como director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico a Manuel Vila López.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Centros e Recursos Humanos a Jesús M. Álvarez Bértolo.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Decreto polo que se nomea director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa a José Luis Mira Lema.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico a José Ramón Pardo Cabarcos.
- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2021.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico a Nicolás Vázquez Iglesias.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias a José Balseiros Guinarte.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a rehabilitación do antigo cine-baile de Carballedo para centro cultural e turístico Antonio Fraguas, por importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Axencia Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago, para o desenvolvemento da Cátedra Institucional "O Camiño de Santiago e as Peregrinacións", por importe de setenta e oito mil euros (78.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través do Centro Nacional de Información Xeográfica, e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Instituto de Estudos do Territorio, organismo autónomo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para a obtención dunha cobertura de imaxes



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

aéreas e ortofotos de 2020 de Galicia, por un importe de douscentos mil cincocentos vinte e cinco euros con vinte e oito céntimos (200.525,28 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de accións conxuntas no eido da conservación da fauna acuática no Centro Ictioxénico do Veral, por importe de oitenta e cinco mil euros (85.000,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Lobios para a execución da obra: "Actuacións de mellora do abastecemento en Lobios. Lobios (Ourense)", clave OH.232.820, por importe de trescentos corenta e oito mil catrocentos vinte e sete euros con noventa e tres céntimos (348.427,93€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Padrón para o acondicionamento da antiga AC-299, por importe de catrocentos setenta e oito mil seiscentos noventa e seis euros con trece céntimos (478.696,13 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo para o ano 2021, por importe dun millón catrocentos oitenta e un mil catrocentos corenta e cinco euros con dous céntimos (1.481.445,02 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Ramón y Cajal, (convocatoria Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades de 2018), por importe de cincocentos oitenta e cinco mil euros (585.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva da vacina antineumocócica conxugada trecevalente (PREVENAR), por importe de catro millóns dez mil setecentos sesenta euros (4.010.760,00€) e un valor



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

estimado de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil seiscentos euros (9.255.600,00€).

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva de vacinas de calendario e outras derivado do Acordo Marco do Ministerio de Sanidade, por un importe total de tres millóns setecentos setenta e un mil cincocentos cincuenta e un euros con sesenta e oito céntimos (3.771.551,68 €) (IVE engadido) e un valor estimado do contrato de cinco millóns catrocentos trinta e nove mil setecentos trinta e oito euros (5.439.738,00€) (sen IVE).(Ex. NA-CON1-20-2015).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas xestionado pola consellería da Xunta de Galicia con competencias en materia de política social (código do procedemento BS623D). Importe total: once millóns cincocentos setenta e dous mil catrocentos cincuenta e nove euros (11.572.459,00€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería do Mar dunha axuda económica de sete millóns cento setenta e oito mil novecentos cincuenta e seis euros con setenta e seis céntimos (7.178.956,76€) a FRIGONOR COLDSTORE, S.L., para a execución do proxecto "Construción dun complexo multifuncional destinado á transformación e conservación de especies procedentes da pesca".

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación de emerxencia do contrato de obra "Reparación da ponte de Mondariz, PQ 8+540 (T.M Mondariz e Mondariz-Balneario), de clave: PO/20/106.02, por importe dun millón trescentos setenta e tres mil douscentos sesenta e oito euros con nove céntimos (1.373.268,09€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre a creación do Comité Educativo de expertos para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da pandemia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as medidas acordadas pola Comisión de Xestión da Crise Sanitaria da covid-19 en materia de centros de servizos sociais.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE ÁLVARO PÉREZ LÓPEZ COMO SECRETARIO XERAL DE PRESIDENCIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que nomea a Álvaro Pérez López como novo secretario xeral da Presidencia, que xa ocupou con anterioridade este cargo.

Desde 2009 ata xaneiro de 2020, exerceu como director xeral do Gabinete da Presidencia da Xunta. Nado na Coruña en 1973, é licenciado en Dereito e diplomado en Empresariais e máster en Dereito Comunitario.

Ademais, previamente, foi asesor parlamentario da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda así como asesor da Consellería de Medio Ambiente. Tamén foi profesor de Dereito Ambiental na Escola de Práctica Xurídica de Santiago.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A NAVA CASTRO COMO DIRECTORA DE TURISMO DE GALICIA

- *Nava Castro conta con diversos máster en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos, en Axentes de Desenvolvemento Económico e Xestión de Programas, e en Xestión e Dirección de Pemes, entre outros*
- *Na súa traxectoria profesional conta con diversos postos relacionados con este sector, nos que se atopan os de directora xeral de Comercio e tamén directora da Axencia de Turismo de Galicia*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe acordou nomear directora de Turismo de Galicia a María Nava Castro Domínguez, dependente da Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Nava Castro conta con diversos máster en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos; en Axentes de Desenvolvemento Económico e Xestión de Programas; en Xestión e Dirección de Pemes; e en Intervención e Xestión de Servizos Sociais. É licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid,

A súa traxectoria profesional deu comezo como deputada no Parlamento de Galicia no ano 1985, pasando despois a ser a responsable do Centro Europeo de Información e Animación (Carrefour de Galicia), concelleira de Servizos Sociais do Concello de Pontearreas e despois alcaldesa neste mesmo concello.

Posteriormente foi deputada no Congreso dos Deputados e en maio de 2009 foi nomeada directora xeral de Comercio, e en xaneiro do 2013 foi nomeada directora de Turismo de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A PABLO CASAL ESPIDO COMO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- *Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, era desde xullo do ano pasado director xeral de Orientación e Promoción Laboral*
- *Con anterioridade ocupou os cargos de secretario xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e de xerente do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), ademais de distintas responsabilidades na Administración local*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que nomea a Pablo Casal Espido (A Coruña, 1977) como secretario xeral técnico da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Pablo Casal, licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, é funcionario da Administración local e do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia. Durante a pasada lexislatura estivo vinculado á Consellería de Economía, Emprego e Industria: desde 2016 exercía como secretario xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e, desde xullo do ano pasado, como director xeral de Orientación e Promoción Laboral. Con anterioridade, tamén ocupou o cargo de xerente do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

Entre outras responsabilidades, foi tamén secretario xeral do Concello de Burela (Lugo), secretario xeral do Consorcio para a xestión da rede básica de abastecemento de auga dos concellos de Cervo e Burela e secretario-interventor do Concello de Curtis (A Coruña).

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOSE LUIS MIRA COMO SECRETARIO XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A JESÚS M. ÁLVAREZ BÉRTOLO COMO DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

- *Manuel Vila pasa a asumir a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade*

O Consello da Xunta vén de aprobar o nomeamento de José Luis Mira Lema como secretario xeral de Educación e Formación Profesional e de Jesús M. Álvarez Bértolo como director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidades.

Así mesmo Manuel Vila López, ata o de agora secretario xeral técnico da anterior Consellería de Cultura e Turismo pasa a asumir a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Substitúe no cargo a Jesús Oitavén Barcala, que cesa nesta función. Cómpre destacar a intensa dedicación de Jesús Oitavén nunha etapa na que foi o encargado de deseñar e levar á práctica a modernización das infraestruturas educativas en toda Galicia, cunha firme aposta pola renovación enerxética e medioambiental; así como a xestión da rede de transporte escolar -a máis extensa de todo o Estado- e dos servizo de comedor escolar dependente da Consellería.

Así mesmo cesan nos seus cargos Manuel Corredoira López como director xeral de Educación, FP e Innovación Educativa e José Manuel Pinal Rodríguez como director xeral de Centros e Recursos Humanos.

José Luis Mira

Catedrático de Física e Química e licenciado en Ciencias Químicas, o novo secretario xeral de Educación e Formación Profesional xa ostentou distintas responsabilidades no departamento de Educación da Xunta de Galicia, primeiro como director xeral de Ensinanza Profesional e Formación de Adultos, e de Ordenación Educativa e Formación Profesional (entre os anos 96 e 2000) e posteriormente como director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (2009-2012). Durante estas etapas foi o encargado de pilotar o deseño de importantes programas educativos que a día de hoxe son un referente de calidade do sistema educativo galego como é o impulso da formación profesional e a implantación do sistema de plurilingüismo nos centros galegos, entre outros.

José Luis Mira, que actualmente exercía como inspector de Educación nesta consellería, tamén exerceu como director xeral de Educación no Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (2000-2004) e como conselleiro de Educación das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

embaixada de España en Bruxelas (2012-2017); e conselleiro de Emprego e Seguridade Social da embaixada de España na Arxentina (2017-2018).

José Luis Mira substitúe no cargo Manuel Corredoira López, que nos últimos anos desenvolveu un importante traballo na dirección xeral co impulso de iniciativas educativas centradas na modernización de Formación Profesional coa ampliación da oferta, a súa innovación e adaptación ao tecido produtivo galego; a aposta pola formación do profesorado; e o impulso de programas específicos no ámbito STEM e no ámbito da igualdade, a inclusión e a atención á diversidade.

Jesús M. Álvarez Bértolo

Jesús M. Álvarez Bértolo, nado en Forcarei (Pontevedra) asume a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Álvarez Bértolo é Diplomado en E.X.B. e licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, e conta cunha ampla experiencia de 32 anos como docente nas etapas de Infantil, Primaria e ESO, e como xefe de departamento de Orientación en centros docentes públicos das provincias de Lugo e Pontevedra.

Actualmente exercía como director do Centro de Formación e Recursos (CFR) de Pontevedra, un dos órganos provinciais da Consellería encargado de canalizar, centralizar e implementar os programas formativos para o conxunto do profesorado. Previamente desempeñou os cargos de xefe de servizo de Formación do Profesorado e de asesor de Formación, nas estruturas de Formación Permanente do Profesorado (entre os anos 2000 e 2005).

O novo director xeral de Centros e Recursos Humanos substitúe no cargo a José Manuel Pinal Rodríguez, que durante o seu mandato levou a cabo un importante labor centrado na mellora das condicións laborais do persoal docente e que queda reflectido polas sucesivas convocatorias de Oferta Pública de Emprego de Educación máis numerosas dos últimos anos; e co acordo salarial acadado coas organizacións sindicais no ano 2018, que permitiu situar aos docentes galegos na parte alta da táboa salarial do conxunto de España.

**O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOSÉ RAMÓN PARDO CABARCOS
SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o nomeamento de José Ramón Pardo Cabarcos como secretario xeral técnico da Consellería de Emprego e Igualdade. Nado en Vilalba (Lugo) en 1964, é funcionario de carreira do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia.

Licenciado en Dereito pola USC e Máster en Xestión da Calidade da Formación pola UNED, a súa carreira profesional estivo sempre moi vinculada á Administración pública galega. Así, dende o ano 1993 desempeñou diferentes cargos nela, entre eles o de subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario da Consellería de Familia, Muller e Xuventude e o de secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

A súa última responsabilidade, antes deste nomeamento como secretario xeral técnico, foi como subdirector xeral de Réxime Xurídico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cargo que veu desempeñando dende febreiro de 2015 ata a actualidade.

No ámbito docente, José Ramón Pardo Cabarcos foi titor do II Máster en Xestión da Calidade da Formación (UNED), así como relator de diversas conferencias sobre fundacións de interese galego.



A XUNTA RATIFICA O CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2021 QUE TERÁ COMO FESTIVOS PROPIOS OS DÍAS DE SAN XOSÉ E AS LETRAS GALEGAS

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Decreto que agora terá que publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG)*
- *A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos*
- *Cando un festivo nacional obrigatorio coincide en domingo, cada comunidade pode substituílo por outro día de interese; e en 2021 esta circunstancia prodúcese o 15 de agosto, que se cambia polo día das Letras Galegas (17 de maio)*
- *Entre os festivos nacionais de carácter opcional, o Día Nacional de Galicia (25 de xullo), coincide en domingo (Ano Xacobeo), polo que a Comunidade opta por escoller o día de San Xosé (19 de marzo)*

O Consello da Xunta vén de ratificar hoxe o Decreto que fixa o calendario laboral para 2021, tras levarse previamente ao Consello Galego de Relacións Laborais. Agora, terá que publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG). A Comunidade Autónoma galega terá como festivos propios o próximo ano os días de San Xosé (19 de marzo) e das Letras Galegas (17 de maio).

A normativa estatal, fixada polo Real Decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (2 de abril en 2021), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2021 hai un festivo nacional que coincide en domingo: o día da Asunción da Virxe (15 de agosto), que se substitúe polo día das Letras Galegas (17 de maio).

Ademais, outros tres festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que nunca se cambia, agás que coincida en domingo; o Xoves Santo (que en 2021 se celebrará o 1 de abril), que Galicia non cambia tradicionalmente; e dásele a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. Sempre se elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo, pero ao coincidir en 2021 en domingo (Ano Xacobeo), Galicia opta polo día de San Xosé (19 de marzo).

Unha vez aprobados os festivos de carácter autonómico, cada concello galego terá que determinar dous días festivos máis para a súa localidade. Para iso, será necesaria a súa aprobación polos plenos das administracións locais.

Calendario laboral de Galicia para o ano 2021

FESTIVIDADE	DATA	DÍA DA SEMANA
Aninovo	1 de xaneiro	Venres
Epifanía do Señor (Día de Reis)	6 de xaneiro	Mércores
San Xosé	19 de marzo	Venres
Xoves Santo	1 de abril	Xoves
Venres Santo	2 de abril	Venres
Festa do Traballo	1 de maio	Sábado
Día das Letras Galegas	17 de maio	Luns
Festa Nacional de España	12 de outubro	Martes
Día de Todos os Santos	1 de novembro	Luns
Día da Constitución Española	6 de decembro	Luns
Inmaculada Concepción	8 de decembro	Mércores
Nadal	25 de decembro	Sábado

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL A NICOLÁS VÁZQUEZ IGLESIAS

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o nomeamento de Nicolás Vázquez Iglesias como Secretario Xeral Técnico da Consellería do Medio Rural. Nado en Lugo, era ata o de agora Vicesecretario Xeral da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Nicolás Vázquez é Licenciado en Ciencias Físicas e Enxeñeiro Superior Industrial -na súa especialidade de Técnicas Enerxéticas- e conta cun máster universitario en Xestión de Enerxías Alternativas.

Exerceu como consultor de sistemas de información na empresa privada desde 1997 ata 2001. Posteriormente desenvolveu o seu labor no Instituto Enerxético de Galicia. Neste centro, desempeñou cargos como xefe da Unidade Técnica de Estudos e Promoción de Enerxías Renovables desde 2001 a 2009, desde 2009 ata 2014 foi xefe de área de Enerxías Renovables e de 2014 a 2015 foi xefe da Unidade Técnica de Enerxía Eólica e Mareomotriz.

No ano 2015 pasou a formar parte do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, na escala de enxeñeiros industriais, ano no que se incorporou ao posto que desempeñaba ata a actualidade.

Ademais, Nicolás Vázquez ten impartido cursos de formación, xornadas e congresos relacionados coa eficiencia enerxética, co desenvolvemento sostible, coa investigación, o desenvolvemento e a innovación no sector enerxético e coa bioenerxía e a biomasa forestal, entre outros.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS A JOSÉ BALSEIROS GUINARTE

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o nomeamento de José Balseiros Guinarte como director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e director do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), dentro da Consellería do Medio Rural.

Nado en Cerdedo (Pontevedra) en 1961, José Balseiros xa desempeñara este cargo na anterior lexislatura, dende outubro de 2018 ata o seu cesamento por concorrer nas listas do Partido Popular ás eleccións autonómicas.

Ata a súa incorporación ao Goberno galego, exerceu como deputado autonómico polo Partido Popular (dende novembro de 2016) e foi vogal da comisión especial do forestal e de incendios e portavoz desta mesma área dentro do grupo parlamentario popular.

Diplomado en Lingua Administrativa e Xurídica Galega e técnico informático na especialidade de aplicacións para a Administración Local, a súa experiencia profesional e carreira política estivo sempre moi vinculada ao ámbito municipal, tanto en calidade de empregado público na Delegación Provincial de Estatística en Pontevedra como, posteriormente, no Concello de Cerdedo.

Neste municipio pontevedrés exerceu primeiro de tenente de alcalde e logo de rexedor, entre xaneiro de 2005 e outubro de 2016. Foi tamén deputado provincial por Pontevedra na lexislatura 2007-2011 e vicepresidente do Consorcio Galego de servizos de Igualdade e Benestar, dende xuño de 2006 ata novembro de 2017.

Xa como deputado no Parlamento galego, estivo como vogal en diferentes comisións, entre elas a de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sendo tamén membro da Deputación Permanente da Cámara.



A XUNTA ACHEGA 350.000€ PARA CONVERTER O ANTIGO CINE-BAILE DE CERDEDO-COTOBADE NO CENTRO CULTURAL E TURÍSTICO 'ANTONIO FRAGUAS'

- *O proxecto terá un orzamento de preto de 500.000€ para rehabilitar este inmoble co obxectivo de que exerza como elemento de dinamización da actividade da zona*
- *O futuro centro contará cunha superficie de 472 metros cadrados e disporá dunha sala para usos múltiples, un vestíbulo amplo, unha cabina e un almacén*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración co Concello de Cerdedo-Cotobade polo que alcanzará 350.000€ para converter o antigo cine-baile da parroquia de Carballo no novo centro cultural e turístico *Antonio Fraguas*, favorecendo a dinamización deste municipio do interior da provincia de Pontevedra.

O proxecto, que terá un orzamento total de preto de medio millón de euros, permitirá rehabilitar un inmoble que noutro tempo foi empregado como centro cultural da parroquia e do concello co obxectivo de convertelo nun espazo que acolla diferentes actividades culturais, turísticas e sociais. Precisamente, esta nova dotación toma o seu nome do historiador, xeógrafo e etnógrafo natural deste concello, Antonio Fraguas, homenaxeado nas Letras Galegas 2019.

Deste xeito, este novo inmoble suporá un novo atractivo e un elemento de dinamización da actividade económica e turística, tanto para os veciños como para os visitantes do concello. Neste sentido, o Goberno galego vén mantendo un intenso traballo de posta en valor dos recursos patrimoniais, culturais e turísticos dos concellos galegos co obxectivo de facer da nosa Comunidade un destino que potencie as particularidades de cada territorio e centrado en valores como a sustentabilidade e a calidade.

Un espazo de máis de 470m²

O proxecto contempla a rehabilitación da edificación xa existente realizando melloras na iluminación, ventilación e illamento, ademais do levantamento da cuberta co obxectivo de albergar un segundo andar. Así pois, o futuro centro cultural contará cunha superficie de 472 metros cadrados. Na planta baixa situarase un aula que se poderá dividir en dúas grazas a un tabique móbil, un vestíbulo amplo que tamén pode acoller recepcións e exposicións, uns aseos e unha escaleira de acceso á planta alta.

Ademais, acometerase unha ampliación na parte posterior do edificio para acoller un almacén, un cuarto de instalacións e un ascensor, permitindo que as dúas plantas teñan accesos independentes para celebrar actos de xeito simultáneo. Xa no primeiro andar habilitarase unha sala ampla para usos múltiples na que poderán realizarse



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

conferencias, proxeccións ou pequenos concertos, unha pequena cabina de control e un almacén.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA AMPLÍA EN 78.000€ O SEU APOIO Á CÁTEDRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO PARA IMPULSAR A TELEFORMACIÓN E PREMIAR A INVESTIGACIÓN

- *O Consello da Xunta autorizou a modificación do convenio vixente coa Catedral de Santiago e a Universidade para introducir novas actividades neste 2020*
- *Celebraranse tres cursos MOOC de teleformación para analizar a Ruta Xacobeá como ferramenta pedagóxica, como Patrimonio Mundial e a súa pegada dixital*
- *Lanzarase unha nova convocatoria para seleccionar 21 microproxectos de investigación que recibirán 3.000 euros cada un para a súa posta en marcha*

O Consello da Xunta vén de autorizar un investimento extra de 78.000 euros por parte da Xunta para ampliar as actividades deste ano da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, impulsada en colaboración coa Universidade de Santiago e a Catedral de Santiago. Este investimento reforzará a teleformación e premiará a investigación.

En concreto, celebraranse tres cursos MOOC para estudar o Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade, como ferramenta pedagóxica e o seu papel nas redes sociais. Ademais, organizarase unha convocatoria na que se seleccionarán 21 pequenos proxectos de investigación, que recibirán 3.000 euros cada un e que se centrarán na promoción e difusión dos valores asociados ao Camiño de Santiago.

Este investimento extra é posible grazas á subscrición dunha addenda que amplía o convenio asinado o ano pasado co que se investían 90.000 euros en tres anualidades e se garante de cara ao Xacobeo 2021 a celebración desta iniciativa académica, a máis importante xurdida ao abeiro do Plan director do Camiño de Santiago.

Estas novas actuacións súmanse ás xa previstas como relatorios, seminarios, congresos internacionais así como o mantemento e reforzo do seu fondo bibliográfico. Tamén ofrece bolsas para apoiar proxectos de investigación nacionais e internacionais ao redor do Camiño de Santiago, así como premios para traballos de investigación.

Estudo do impacto da covid-19

A Xunta continúa así avanzando na investigación ao redor do Camiño de Santiago, dando continuidade ao traballo desde 2016, cando o Goberno autonómico impulsou a creación desta iniciativa académica coa que se teñen dado grandes avances. Entre outras, a posta en marcha da súa páxina web, a celebración de diferentes seminarios, relatorios e congresos internacionais así como o apoio económico a diferentes proxectos de investigación. De feito, este ano a Cátedra apoiará a elaboración de dous proxectos de investigación que se centrarán na análise das consecuencias da covid-19 na capacidade de carga turística do Camiño Francés e no perfil do peregrino que o percorre.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Xunta reafirma así o seu compromiso coa que se está a consolidar como a iniciativa académica máis importante impulsada ao amparo do Plan director do Camiño de Santiago e un instrumento clave para afondar nas raíces da peregrinación.



MEDIO AMBIENTE MELLORARÁ A INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE TODO O TERRITORIO GALEGO CON FOTOGRAFÍAS ÁREAS E ORTOFOTOS DE MAIOR RESOLUCIÓN

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para o tratamento de imaxes aéreas de 18 e 15 cm/pixel*
- *Estas fotografías son a base para a elaboración da cartografía e información xeográfica de media e gran escala, de gran utilidade para o urbanismo e a ordenación do territorio, coñecemento da ocupación do solo, a xestión forestal, a planificación da mobilidade ou das redes de abastecemento, saneamento, comunicacións e alumeado*
- *A información resultante, gratuíta para os cidadáns, rexistra unha maior demanda, a través dos visores e das descargas realizadas e das solicitudes de copias certificadas que se rexistran*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda disporá ao servizo da sociedade galega de información xeográfica do conxunto do territorio de Galicia integrada por fotografías aéreas de maior resolución. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá deu o visto e praxe ao texto do convenio entre o Instituto de Estudos do Territorio, dependente da Consellería de Medio Ambiente, e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través do Centro nacional de Información Xeográfica, para coordinar as actuacións conxuntas para a obtención de imaxes de voo fotogramétrico de ata 18cm/pixel e da resolución das ortofotos ata os 15 cm.

Estas fotografías aéreas son a base para a elaboración de cartografía e información xeográfica, de media e gran escala, que son de utilidade non só para o urbanismo e a ordenación do territorio, senón tamén para o catastro, a enquisa de equipamentos e infraestruturas locais, a ocupación do solo, a xestión forestal, a disciplina urbanística, a planificación da mobilidade ou das redes de abastecemento, saneamento, comunicacións e alumeado.

Así, a Xunta fará unha achega económica de máis de 200.000 euros, para asumir os traballos que implica o incremento de resolución a 18cm/pixel no caso das imaxes aéreas, do incremento da resolución das ortofotos a 15cm/pixel, ademais dos custos dos controis de calidade asociados. O convenio estará en vigor ata o 31 de decembro 2021.

Estes traballos son complementarios aos realizados nos anos 2018 e 2019, polos que se realizaron ortofotos dos concellos de Carballo, Cambre, Lugo, Oleiros, Pontevedra, Sanxenxo, Ames, Betanzos, Fene e Teo. Ao longo de 2020 se tomaron imaxes da



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

totalidade do territorio galego, que agora serán procesadas para dispoñer dunha base de datos actualizada e de calidade.

A Xunta destaca que esta colaboración co Ministerio é unha mostra de apoio ao principio fundamental para a redución dos custos dos servizos públicos, que cubre unha necesidade das administracións implicadas, e tamén das que teñen as administracións locais.

Cómpre destacar que as ortofotos téñense convertido nun produto básico para calquera administración que teña competencias sobre o territorio, ao tempo que permite coñecer como evolucionan os usos e coberturas do solo ao longo do tempo.

Por último, esta nova actuación responde aos obxectivos do Plan dirixido a Administración Local de Galicia (PNOA10), para que conxuntamente se puidese responder de maneira voluntaria, coordinada e optimizando os recursos dispoñibles, ás demandas que desde o ámbito local existen de ortofotos de máis detalle.



MEDIO AMBIENTE RENOVA A COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA MELLORAR E REINTRODUCCIR O MEXILLÓN DE RÍO EN VARIOS TRAMOS FLUVIAIS

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun novo convenio de colaboración entre ambas entidades ata o 2023 e por un importe de 85.000 euros*
- *Este especie está a sufrir unha regresión en toda a súa área de distribución debido á degradación ambiental das bacías hidrográficas, tendo en Galicia un dos seus últimos refuxios en Europa*
- *O mexillón de río é unha das especies máis ameazadas en Europa, polo que a recuperación das súas poboacións é unha ferramenta importante para a mellora da calidade das augas.*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Universidade de Santiago de Compostela renovarán o convenio de colaboración para seguir avanzando nos traballos para mellorar e reintroducir o mexillón de río en varios tramos fluviais. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá deu o visto e prace ao texto do convenio polo que se establece esta colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e a Universidade de Santiago de Compostela que se manterá en vigor ata o ano 2023 e que implica un importe de 85.000 euros, para levar a cabo traballos de investigación encamiñados a desenvolver e mellorar o proceso de cultivo do mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*), especie catalogada en perigo de extinción en Galicia. Ademais, en base a este convenio, a Consellería de Medio Ambiente autoriza á Universidade de Santiago a empregar as instalacións do Centro ictioxénico do Veral, en Lugo, para levar a cabo estes traballos de investigación.

Este especie está a sufrir unha regresión en toda a súa área de distribución paralelamente á degradación ambiental das bacías hidrográficas, mentres que en Galicia ten un dos seus últimos refuxios en Europa grazas a que as actividades agrogandeiras tradicionais permitiron manter unha axeitada calidade das augas.

Cómpre lembrar que o mexillón de río é unha das especies máis ameazadas en Europa, polo que a recuperación das súas poboacións permitiría no futuro unha importante mellora na calidade das augas, xa que actúan como filtradores biolóxicos naturais.

Nese sentido, en virtude ao convenio autorizado esta mañá a Universidade de Santiago prestará asesoramento e apoio técnico no cultivo de bivalvos de auga doce, e para garantir o estado sanitario e xenético dos peixes que se utilizan como hospedadores das larvas dos mexillóns; e tamén elaborará os informes e documentos técnicos en relación coa conservación do mexillón de río e o seu cultivo, co fin de reforzar as súas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

poboacións ou traslocar a especie naqueles tramos fluviais nos que se considere posible a implantación de poboacións viables.

Así, a Universidade de Santiago comprométese a dirixir e supervisar o desenvolvemento de técnicas de cultivo de bivalvos de auga doce coa finalidade de mellorar a produción e a recuperación das especies que se atopan baixo algunha figura de protección, xa sexa de ámbito internacional, nacional ou autonómico.

No Centro Ictioxénico do Veral, dependente da Consellería de Medio Ambiente, véñense desenvolvendo desde o ano 2012 -en colaboración coa USC- un proxecto piloto para iniciar o ciclo reprodutivo do mexillón de río.

Trátase dunha acción que dá continuidade ao proxecto Life + Margal Ulla (xa rematado e que contou cun orzamento duns 3,3 M€) financiado con Fondos Life+Natureza e Biodiversidade, que tiña por obxectivo a conservación e mellora das poboacións desta especie en perigo de extinción (*Margaritifera margaritifera*), así como da toupa de río (*Galemys pyrenaicus*), coa fin de reforzar as poboacións ou reintroducir a especie naqueles tramos fluviais nos que sería viable a súa supervivencia na bacía do Ulla.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 350.000 EUROS PARA IMPULSAR A MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE LOBIOS

- *O Executivo autonómico dá luz verde á contratación das obras na rede de abastecemento que dá servizo aos núcleos de Vilameá, A Devesa, San Paio e Esperanzo, que presenta diversas roturas debido a sobrepresións e precisa dunha actualización*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá nas vindeiras semanas á contratación dos traballos, que contan cun prazo de execución de catro meses*
- *O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas competencias, para que poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento*

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe un investimento de preto de 350.000 euros para impulsar a mellora do sistema de abastecemento do concello de Lobios.

O Executivo autonómico autoriza así a contratación das obras necesarias para mellorar a rede de abastecemento nos núcleos de Vilameá, A Devesa, San Paio e Esperanzo, que presenta diversas roturas debido a sobrepresións e precisa dunha actualización.

As obras, que serán licitadas nas vindeiras días por Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, contan cun prazo de execución de catro meses.

Trátase de mellorar a calidade de vida dos habitantes de Lobios, dotándoos dun sistema de abastecemento axeitado, mellorando a rede co fin de proporcionar aos veciños auga en cantidade e calidade.

As actuación proxectada polo Xunta distribuiranse en dúas zonas: unha en Vilameá e A Devesa, e a outra en San Paio e Esperanzo. As obras contan co cofinanciamento da Unión Europea, a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

A intervención na rede de abastecemento de Vilameá e A Devesa consiste na execución dunha rede de distribución desde o depósito actual ata os dous núcleos. Proxéctase un anel principal en tubaxe de polietileno soldable dunha lonxitude de preto de 1 quilómetro. Desde o anel, prevese a instalación de tubaxes, que distribuirá o caudal necesario aos dous núcleos.

En canto aos traballos de mellora da rede de abastecemento de auga en San Paio e Esperanzo, as obras prevén a execución de redes independentes para estes dous



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

núcleos de poboación. A rede partirá do depósito existente e terá unha lonxitude de máis de 1.71 quilómetros, e desde o anel principal, e para distribuír caudal aos dous núcleos, instalaranse uns 973 metros de tubaxes.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PADRÓN PARA EXECUTAR A MELLORA DA ESTRADA AC-299

- *O Goberno galego financiará a actuación, cun investimento de máis de 478.000 euros, e o Concello de Padrón aprobará o proxecto e acometerá as obras*
- *A Xunta transferirá ao Concello esta estrada urbanizada e con tráfico, local, que previamente será acondicionada, tanto no relativo ao firme como á sinalización*
- *No treito inicial, de 300 metros, con edificacións próximas, reducirase a velocidade e limitarase o paso a vehículos pesados para blindar a seguridade*
- *Disporase unha única plataforma, con velocidade limitada a 30 km/h e pavimento de formigón desactivado para resaltar a entrada nunha zona máis urbanizada*
- *No resto da estrada rehabilitarase o firme e reporase a sinalización horizontal, colocando captafaros e un treito de barreira de seguridade*

O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Padrón para executar a mellora da estrada AC-299.

A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, financiará a actuación cun investimento de máis de 478.000 euros.

O Concello de Padrón aprobará o proxecto necesario para a execución das obras, que tamén deberá contratar e acometer.

O Goberno galego puxo en servizo en 2006 unha nova conexión da estrada AC-301 coa N-550, cun investimento de 4,5 millóns de euros, que serviu como variante para o treito máis urbano da primeira vía en Padrón. Deste xeito, a este treito mudóuselle a súa denominación e pasou a ser a estrada AC-299.

Esta estrada, urbanizada e con tráfico local, implica a necesidade dunha xestión por parte do Concello de Padrón. Neste sentido, de forma previa ao cambio de titularidade, a Xunta financiará a mellora da vía, que consiste en repoñer o firme e a sinalización.

No treito inicial, de 300 metros de lonxitude, con edificacións moi próximas á calzada, é necesario reducir a velocidade e limitar o paso a vehículos pesados, co fin de garantir a seguridade para vehículos e peóns.


Conformarase unha única plataforma, con velocidade limitada a 30 km/h e pavimento de formigón desactivado, o cal lle producirá aos condutores un efecto de percepción de entrada nunha zona máis urbanizada.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No resto da estrada, entre os puntos quilométricos 0+300 e 2+160, rehabilitarase o firme cunha capa de rodadura de mestura bituminosa de 5 cm, repoñéndose despois a sinalización horizontal e colocándose captafaros e un treito de barreira de seguridade.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE VIGO DURANTE O ANO 2021, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego achegará máis de 1,2 M€ para financiar o 80% dos descontos nos billetes, os transbordos e as bonificacións adicionais a usuarios recorrentes e membros de familias numerosas*
- *Os 12 concellos que integran esta área achegarán en conxunto os preto de 266.000 euros restantes para completar a financiación deste programa*
- *O acordo garante a continuidade deste plan social, que en 2019 rexistrou máis de 3,25 millóns de viaxes en autobús e barco na zona*
- *Adicionalmente, máis de 16.200 menores de 21 anos desta área beneficiáronse ademais das viaxes interurbanas gratuítas coa tarxeta 'Xente Nova' que tamén financia a Xunta*
- *O Plan de Transporte Público de Galicia prevé a extensión dos beneficios da Tarxeta de Transporte Metropolitano e da Xente Nova ao conxunto de Galicia, chegando así tamén á poboación do rural*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión de hoxe a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Vigo para o ano 2021, cun investimento autonómico de preto de 1,5 millóns de euros.

Segundo este acordo, o Goberno galego achegará máis de 1,2 millóns de euros que permitirán financiar o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos, ademais do 100% dos transbordos, que son gratuítos, e as bonificacións adicionais para usuarios recorrentes e membros de familias numerosas.

Os 12 concellos que integran a Área de transporte metropolitano de Vigo achegarán no seu conxunto preto de 266.000 euros.

Con este acordo garántese a continuidade, un ano máis, deste plan social que supón importantes aforros económicos para os usuarios e segue a senda do fomento do transporte público por parte do Goberno galego.

O Plan de Transporte Metropolitano na área de Vigo rexistrou o pasado ano máis de 3,25 millóns de viaxes na comarca. En canto á modalidade de transporte, cómpre destacar que o 32% dos desprazamentos seguen a corresponder coas navieiras e o 68% co autobús.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Coa súa achega, a Xunta financia ademais o 15% de desconto adicional que se aplica aos usuarios recorrentes e a membros de familias numerosas, neste caso, de entre o 20% e o 50% en función da categoría.

A Área de Transporte Metropolitano de Vigo está integrada por un total de 12 concellos: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, O Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior.

O Plan de Transporte Metropolitano de Galicia está a funcionar en cinco áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados.

Estes beneficios do Plan de transporte metropolitano estanse a estender de forma progresiva a todas as liñas interurbanas de autobús de Galicia, coa implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, do que xa se benefician desde este ano 13 concellos da área de Pontevedra e tamén os da provincia de Ourense.

Tarxeta *Xente Nova*

Adicionalmente, e no marco do Plan de transporte metropolitano e da súa extensión progresiva ás liñas interurbanas de Galicia, máis de 70.200 mozos menores de 21 anos viaxan xa gratis no autobús interurbano grazas á Tarxeta *Xente Nova*.

En concreto, na área de transporte metropolitano de Vigo distribuíronse máis de 16.200 dispositivos desde a súa posta en marcha.

A tarxeta *Xente Nova* é unha iniciativa social de fomento do transporte público que a Xunta puxo en marcha no ano 2016 nas áreas de transporte metropolitano para permitir a gratuidade no transporte público a menores de 19 anos. O pasado 1 de xaneiro ampliouse a cobertura da tarxeta ata os menores de 21 anos e, desde o pasado mes de xuño dispoñen tamén deste dispositivo a 13 concellos da área de Pontevedra e tamén na provincia de Ourense.

Con este programa búscase facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, formando ás novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

Plan de Transporte Público de Galicia

Esta primeira fase da ampliación territorial no transporte público dependente da Xunta, forma parte da renovación integral das liñas de transporte público interurbano de Galicia, que se desenvolverá de forma progresiva ata acadar o conxunto da comunidade.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A posta en marcha do Plan de Transporte Público en Galicia, no que a Xunta vai investir máis de 70 millóns de euros ao ano para o seu mantemento, inclúe máis paradas e máis servizos e tamén supón aplicar unha tarifa homoxénea en toda Galicia. É dicir o custo do percorrido por quilómetro será igual en toda Galicia, de aí que as tarifas varíen segundo o número de quilómetros dos traxectos.

O Goberno galego segue a traballar no obxectivo de ofrecerlle aos cidadáns uns sistema de transporte público máis útil e atractivo, a través desta iniciativa deseñada para achegar grandes vantaxes sociais a todo o territorio, especialmente ao rural, onde a poboación se poderá beneficiar de importantes medidas sociais.





A XUNTA DESTINA 585.000 EUROS Á INCORPORACIÓN DE TRECE CIENTÍFICOS DO PROGRAMA RAMÓN Y CAJAL ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *Con este investimento a Consellería de Educación asume a parte non subvencionada polo Estado central e que lles correspondería aboar ás universidades galegas*
- *O obxectivo é favorecer a captación de persoal de alto potencial investigador no Sistema Universitario de Galicia*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade achegará un total de 585.000 euros para financiar a incorporación ás tres universidades galegas de 13 científicos do Programa Ramón y Cajal (da Axencia Estatal de Investigación) durante os próximos cinco anos. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio coas universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, a través do que o Goberno galego lles aboará a parte da contratación deste persoal que non subvenciona o Estado central.

Deste xeito, a incorporación deste persoal do programa estatal máis competitivo non supoña ningún custe para as universidades. Catro destes investigadores desenvolverán o seu labor na USC, seis na UVigo e outros tres na UDC.

O obxectivo desta acción é favorecer a captación de científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador no Sistema Universitario de Galicia (SUG). Neste sentido cómpre lembrar que as universidades galegas supoñen o maior axente do sistema galego de investigación, tanto en termos cuantitativos coma cualitativos, representado máis do 60% do persoal investigador da Comunidade Autónoma.

A captación, formación e retención de talento supón unha área estratéxica do Goberno galego que ten como finalidade atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira profesional que posibilita a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+i.

O programa Ramón y Cajal promove a incorporación de persoal investigador español e estranxeiro cunha traxectoria destacada en centros de I+D mediante a súa contratación durante un período de 5 anos, neste caso do 2020 ao 2025. A retribución mínima anual que deberá recibir o persoal investigador contratado ascenderá a 31.600 euros brutos anuais.

SANIDADE INVISTE CATRO MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA DE DOSES DE VACINA ANTINEUMOCÓCICA TRECEVALENTE

- *Vanse adquirir 90.000 doses desta vacina que protexe contra a enfermidade invasiva por Streptococcus Pneumoniæ, a neumonía e a otite media aguda*
- *Ademais de estar incluída no calendario infantil, e no de adultos desde 2017, está recomendada para todas as persoas pertencentes a grupos de risco*

O Consello da Xunta vén de autorizar esta mañá a contratación da subministración sucesiva de vacina antineumocócica conxugada trecevalente para o Programa Galego de Vacinacións, e para a que a Consellería de Sanidade destinará un importe total de 4.010.760 euros. Este orzamento repártese entre 2020 e 2021, cun importe de 445.640 euros para este ano e 3.565.120 euros para o ano vindeiro e con el vanse adquirir 90.000 doses desta vacina.

A antineumocócica conxugada trecevalente é unha vacina que está indicada para a inmunización activa fronte á enfermidade invasiva por Streptococcus Pneumoniæ, a neumonía e a otite media aguda dende as seis semanas de vida ata os 17 anos, ademais de para previr a neumonía en adultos. Esta vacina utilízase de forma sistemática na vacinación da poboación infantil en Galicia dende 2011.

Dende o ano 2012 tamén se incluíron aos maiores de 50 anos pertencentes a determinados grupos de risco, como poden ser as persoas trasplantadas, inmunodeprimidas ou con síndrome nefrítico entre outras. Tras a autorización do seu uso en todas as idades, a Consellería de Sanidade asumiu en 2014 o seu financiamento para a administración a persoas pertencentes a grupos de risco, como inmunodeficientes, doentes con enfermidade hepática crónica grave, portadores de implantes cocleares ou de fístulas de líquido encefalorraquídeo, entre outras, independentemente da súa idade.

Dende xullo de 2017 esta vacina inclúese no calendario do adulto, recomendándoselle a toda a cidadanía galega nada a partir do 1 de xaneiro de 1952, segundo vaian cumprindo 65 anos, cunha dose única. Galicia foi a cuarta comunidade autónoma en iniciar a vacinación antipneumocócica en adultos, despois de Madrid, Castela e León, A Ríoxa, e a cidade autónoma de Melilla.

A evidencia científica e a avaliación de programas e intervencións en saúde, indican que os programas de vacinación constitúen unha das medidas máis eficaces e de mellor relación custe-beneficio de todas as actuacións sanitarias. É por isto que a vacinación ten un efecto directo positivo na saúde e benestar da poboación, na produtividade social e supón un importante aforro de recursos asistenciais.

SANIDADE INVISTE 3,7 MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA DE VACINAS

- *Comprende a compra de 9 tipos de vacinas que se empregarán no Programa Galego de Vacinación e outras destinadas a grupos de risco*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación para a subministración á Consellería de Sanidade de vacinas por un importe total de licitación de 3.771.551,68 euros. O contrato abrangue o período 2020-2021. O contrato comprende a compra de 9 tipos distintos tipos de vacinas, a maioría das que conforman o calendario de vacinación sistemática na infancia ademais doutras vacinas que se utilizan en situacións específicas e grupos de risco.

Esta nova contratación é necesaria para o cumprimento dos obxectivos do Programa Galego de Vacinación nos meses que restan deste ano 2020 (desde o 11 de setembro) e 2021 (ata o 11 de setembro). Así, con esta compra garátese a continuidade e estabilidade do programa.

En concreto, contéplase a adquisición da vacina Haemophilus Influenzae tipo b conxugada e a vacina de hepatite B para pacientes en prediálise e diálise.

Tamén se inclúen os lotes relativos á vacina fronte hepatite A para idade pediátrica; vacina fronte sarampelo, rubeola e parotidite; vacina fronte a varicela; a vacina sobre sarampión, rubéola, parotiditis e varicela; vacina conxugada fronte a meningococo C; vacina sobre tétanos, tose ferina acelular, poliomielitis inactivada e Haemophilus influenzae tipo b conxugada; e vacina fronte a difteria, tétanos, tose ferina acelular, de contido antixénico reducido.

A contratación derívase do Acordo Marco do Ministerio de Sanidade. Para a adquisición destes lotes é indispensable que a oferta presentada, ademais de cumprir coas prescricións técnicas do Acordo Marco, tamén cumpra as características técnicas que son necesarias para adaptarse ás necesidades, indicacións e pautas de Programa Galego de Vacinación.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE A UNHA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE 11,5 M€ CON CARGO AO 0,7% DO IRPF DESTINADAS A PROGRAMAS SOCIAIS

- *Aínda que o Goberno central non deu a coñecer o importe final que lle corresponde a Galicia, publícase xa para que as entidades sociais poidan planificar con tempo os programas que van desenvolver*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a unha nova convocatoria de axudas con cargo ao 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) destinadas a impulsar programas de carácter social por un importe de 11,5 millóns de euros. Trátase dun adianto para que as entidades sociais poidan planificar os programas que van a desenvolver. Esta partida verase incrementada unha vez que o Goberno central dea a coñecer a contía final que xestionará cada comunidade autónoma.

É a parte dos fondos derivado da casilla social do IRPF que xestiona a Consellería de Política Social e que se engaden a outros 457.000€ xestionados pola Secretaría Xeral de Igualdade e outros 499.000€ pola Consellería de Sanidade. En total, trátase dunha cantidade conxunta de 12,5 millóns de euros.

Os programas que se poderán financiar serán de tres tipos: de loita contra a violencia de xénero e fomento da igualdade; de asistencia a persoas maiores, persoas con discapacidade, infancia e mocidade, así como programas que favorezan a inclusión social; e de prevención, redución do dano, atención integral e incorporación social no ámbito das persoas con trastornos aditivos.

As axudas financiarán gastos correntes deste tipo de programas, aínda que no caso da orde que xestiona a Consellería de Política Social, a de máis contía, tamén está previsto financiar gastos de investimento referidos a obras de equipamento, rehabilitación ou adquisición de vehículos adaptados. Para facilitar a tarefa destas entidades, anticiparáselles o 100% da axuda, que loxicamente terán que xustificar a posteriori.

A XUNTA APOIARÁ CON MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS UNHA FÁBRICA DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR QUE PREVÉ CREAR MÁIS DE 30 EMPREGOS DIRECTOS NO BARBANZA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe esta achega a Frigoror Coldstore S.L. para a construción desta industria na Pobra do Caramiñal*
- *Esta achega supón o 50% do investimento, permitirá que a nave dea servizo ás empresas que participan na súa constitución para transformación e conservación das especies que comercializan*
- *A axuda apróbase ao abeiro da convocatoria de 2020 de axudas para investimentos en pemes de transformación de produtos do mar*
- *Contará con dúas plantas para elaboración, dúas cámaras de almacenamento en conxelación a -45°C e a -20°C e peiraos de carga e descarga*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión dunha axuda de máis de 7 millóns de euros por parte da Consellería do Mar á empresa Frigoror Coldstore para a construción e posta en marcha dunha fábrica de transformación e conservación de especies procedentes da pesca na Pobra do Caramiñal. Esta axuda supón o 50% do investimento, de máis de 14 millóns de euros, a distribuír nas anualidades 2020 e 2021 e con este proxecto a empresa prevé crear máis de 30 empregos directos.

A fábrica permitirá dar servizo ás empresas que participan na súa constitución para transformación e conservación das especies que comercializan, entre elas, atún, atún vermello, gambón arxentino e calamar procedente do caladoiro malvino. A achega para esta iniciativa aprobada hoxe polo Executivo galego concédese ao abeiro da convocatoria de 2020 de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

O proxecto para o que se aproba esta axuda consiste na construción dunha nova nave para a manipulación, transformación e almacenamento frigorífico dos produtos da pesca no polígono industrial da Tomada. Esta infraestrutura contará con dúas plantas para elaboración, dúas cámaras de almacenamento en conxelación a -45°C e a -20°C e peiraos de carga e descarga.

Ao mesmo tempo, esta instalación contribuirá ao aforro enerxético con procesos máis eficientes e implementará novos procesos e sistemas de xestión co obxectivo de impulsar a seguridade e salubridade no traballo.

Axudas a pemes



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Esta achega apróbase no marco da convocatoria de axudas deste ano a pemes de transformación de produtos do mar na que se preseleccionaron outros 42 proxectos que están en trámites de aprobación. Ao abeiro delas subvenciónanse os investimentos que realicen estas pemes e que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no medio ambiente. Tamén aquelas accións que melloren a seguridade, a hixiene, a saúde e as condicións de traballo das plantas e os investimentos que fomenten os produtos e sistemas de xestión e organización novidosos. Son ademais obxecto de subvención as accións que axuden á transformación de capturas de peixe comercial que non se pode destinar ao consumo humano, unha solución que pode axudar para a xestión e valorización dos descartes.





O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS OBRAS DE REPARACIÓN DE EMERXENCIA DA PONTE DE MONDARIZ, NA ESTRADA PO-254, CUN INVESTIMENTO DE CASE 1,4 MILLÓNS DE EUROS

- *A intervención conta cun prazo de 6 meses, que inclúe a execución dos traballos e o control e seguimento da obra de emerxencia*
- *As obras son consecuencia da avaliación da ponte realizada no marco do programa de inspección de estruturas e obras de paso da Xunta, na que se detectaron danos na estrutura metálica*
- *Para garantir a seguridade, declarouse a emerxencia das obras necesarias, desviando o tráfico polo treito antigo da PO-254 que vai paralelo á ponte*
- *Para solucionar os problemas na infraestrutura, prevese a rehabilitación dos elementos corroídos, o saneo da superficie metálica e a reposición de chapas*
- *Tamén se reporán as péndolas danadas e os caixóns lonxitudinais e arranxaranse as vigas transversais do taboleiro*
- *Ademais pavimentarase a ponte co estendido de mestura bituminosa en quente*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as obras de reparación de emerxencia da ponte de Mondariz, na estrada PO-254, cun investimento autonómico de case 1,4 millóns de euros.

A intervención desenvólvese nesta infraestrutura entre os concellos de Mondariz e Mondariz Balneario, no punto quilométrico 8+250 da estrada, e conta cun prazo de 6 meses, incluíndo a execución dos traballos e o seu control e seguimento.

As obras son consecuencia da avaliación da ponte realizada no marco do programa de inspección de estruturas e obras de paso da Xunta, na que se detectaron danos na estrutura metálica.

Nesta visita técnica observáronse danos nos elementos principais da estrutura metálica, como as péndolas, o caixón metálico dereito e o esquerdo.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, para garantir a seguridade da estrutura, o 31 de xullo procedeu á declaración de emerxencia das obras mencionadas, que requiriron o desvío do tráfico polo treito antigo da PO-254 que vai paralelo á ponte.

Os traballos consisten na rehabilitación dos elementos corroídos, no saneo da superficie metálica, a reposición de chapas por perda de espesor e a protección superficial.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Tamén se substituirán as péndolas danadas e os caixóns lonxitudinais e arranxaranse as vigas transversais do taboleiro, realizando unha impermeabilización previa do mesmo tras fresar o pavimento e retirar as xuntas de dilatación. Ademais, posteriormente pavimentarase a ponte co estendido de mestura bituminosa en quente.



CRÉASE O COMITÉ EDUCATIVO, QUE SERÁ MÁXIMO ÓRGANO ASESOR DO GOBERNO EN ASUNTOS DE ORGANIZACIÓN ESCOLAR E DOCENCIA NUN CURSO MARCADO POLA PANDEMIA

- *A súa actividade estará centrada exclusivamente nos aspectos relacionados co desenvolvemento do curso escolar, tanto a nivel loxístico como académico*
- *Traballará de xeito coordinado co Comité Clínico, que asume a parte sanitaria*

A Xunta de Galicia vén de crear o Comité Educativo, como o máximo órgano asesor do Goberno autonómico para todos os asuntos de organización -tanto loxística como académica- no ámbito escolar que poden verse afectados pola COVID, tal e como se acordou no Consello da Xunta de hoxe a proposta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Deste xeito, o Goberno galego disporá dun órgano específico en materia educativa, que traballará de xeito coordinado co Comité Clínico, pero cunha perspectiva exclusivamente enfocada ao ámbito docente. Isto é, a súa actividade estará centrada nos asuntos relacionados co desenvolvemento do curso escolar, tanto a nivel organizativo como académico.

Este equipo de traballo multidisciplinar estará conformado por expertos de distintos campos educativos, como representantes de directores e docentes de colexios, institutos, centros de FP, centros de educación especial e escolas oficiais de idiomas; de xefaturas de estudos, secretarías, equipos de orientación e de formación do profesorado; e expertos en tecnoloxías, en psicoloxía, e pediatría; así como de profesionais de recoñecido prestixio.

A súa principal función será a de asesorar nas cuestións educativas vinculadas á pandemia e que atinxen ao funcionamento organizativo e académico dos centros escolares como a organización curricular, o soporte educativo ante situación de abrochos, ou os procesos educativos que se deben artellar en procesos de desescalada. Trátase de que este equipo de expertos asesore, informe, propoña e aporte un valor engadido de convalidación técnica das medidas a adoptar no sistema.

Ademais, no marco deste Comité Educativo que estará presidido polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, crearanse grupos de traballo técnicos específicos no ámbito da organización escolar, educación virtual e inclusión e participación liderados pola Rede de Formación do Profesorado.

A XUNTA INFORMA DAS NOVAS MEDIDAS EN CENTROS RESIDENCIAIS FRENTE Á COVID-19 ACORDADAS POLO COMITÉ CLÍNICO DE EXPERTOS

- *Levaranse a cabo cribados selectivos e constantes para detectar canto antes posibles casos*
- *Limitaranse as visitas a unha persoa por residente, serán con cita previa, terán unha duración máxima dunha hora ao día e extremando as medidas de prevención*
- *Establécese un plan de inspección de todas as residencias de Galicia que comezará por aquelas con máis de 100 internos*

O Consello da Xunta deu conta dos acordos adoptados onte polo comité clínico de expertos para a pandemia da covid-19 que afectan ás residencias. As novas medidas céntranse na realización de cribados selectivos e constantes, na regularización das visitas nos centros sociosanitarios e na inspección inmediata nos centros onde aparezan varios casos.

Así, en primeiro lugar, tomouse a decisión de facer cada quince días un cribado ao 100% do persoal que traballa nas residencias de maiores e de atención á discapacidade. Así mesmo, e tamén cada dúas semanas, levarase a cabo unha mostraxe aleatoria entre os usuarios de todas as residencias de Galicia que non presenten síntomas para poder anticiparse a posibles incidencias.

En segundo lugar, o comité clínico elaborou un protocolo de medidas nos centros sociosanitarios nos que existen restricións para que os usuarios poidan seguir recibindo visitas de xeito seguro. Este protocolo, que entrará en vigor nos vindeiros días, responde á preocupación dos expertos sobre as consecuencias que o illamento pode ter na saúde física, psíquica e emocional dos residentes.

Con este protocolo, trátase de manter o equilibrio entre a necesidade de evitar os contaxios e manter a interacción entre os residentes e os seus seres queridos. Para iso, limitaranse as visitas a unha por persoa residente, cunha duración máxima dunha hora ao día e extremando as medidas de prevención. Para realizar as visitas deberá solicitarse cita previa, co fin de poder organizalas e evitar aglomeracións. Os visitantes deberán estar no centro con antelación e realizaráselles unha avaliación para detectar posibles síntomas. Ademais, deberán desinfectar mans, respectar as distancias e usar máscaras en todo momento. Se é posible, a visita terá lugar nun lugar aberto axardinado; e cando isto non sexa posible, habilitarase unha sala específica cerca da entrada, ventilada con aire exterior e con circuítos de entrada e saída.

Nesta liña, o protocolo tamén recolle que as persoas con discapacidade que realizan habitualmente saídas durante a fin de semana ao domicilio familiar poidan seguir facéndoo, realizándoselles un test canto volvan ao centro. Así mesmo, permitirase a



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

presenza dos familiares e as especiais necesidades do paciente naqueles casos nos que, desgraciadamente, se atopen ao final das súas vidas cun desenlace inminente.

Outra das decisións adoptadas é a de manter abertos os centros de día aínda nos casos en que estean en zonas con restricións, sempre mantendo a máxima seguridade e garantías. O comité clínico está a elaborar un protocolo para estes centros e estará listo nos vindeiros días. O obxectivo deste protocolo reforzado é manter o funcionamento dos centros de día a pesares de que existan restricións no termo municipal no que se emprazan.

En último lugar, tamén ao respecto das residencias, decidiuse establecer un plan de inspección conxunto por parte dos equipos das Consellerías de Sanidade e Política Social para inspeccionar todas as residencias da terceira idade. Estas inspeccións comezarán nas residencias que teñen máis de 100 internos e terán por finalidade analizar a situación e as posibles medidas a tomar, detectar que puido acontecer para que se producisen os contaxios e poñer en marcha todas as actuacións precisas para evitar que se sigan producindo.